



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

exp. 2023/G010/000007

ANUNCIO

En sesión plenaria celebrada o 26.06.2023 acordouse a determinación do importe das dietas por asistencia de cargos electos aos órganos colexiados municipais e indemnizacións polas xestións no desempeño do cargo, co seguinte contido:

“Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 28 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación Municipal, resulta necesario e convinte proceder ao establecemento da nova organización municipal e, en particular, á determinación das retribucións que percibirán os membros das Corporacións Locais tanto no referente ás dedicacións exclusivas como á asistencia a Órganos Colexiados ou as indemnizacións por razón do servizo nos termos que regula o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por todo isto, esta Alcaldía, formula ao Pleno, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- *A asistencia a órganos colexiados constitúe unha dieta ou honorario que se lle recoñece aos membros da Corporación que non perciben retribucións por dedicación parcial ou exclusiva pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, fixándose a retribución bruta a obter por asistencia a cada sesión do Pleno de 90 € e unha retribución bruta por asistencia ao resto de órganos colexiados de 60 €.*

Segundo.- *Aplicar no referente a indemnizacións polas xestións que esixan o desprazamento dentro ou fora do termo municipal do Alcalde ou Concelleiros e á súa xustificación o establecido no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou normativa que a substitúa, nas contías que se sinalen para o Grupo I.*

Terceiro.- *Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na sede electrónica do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.”*

En Coristanco a 4 de xullo de 2023 asinado dixitalmente polo alcalde suplente, Enrique Tasende Lavandeira